



ACTIVIDADES NON AGRICOLAS EN ZONAS RURAIS

O 4 de Xaneiro publícanse no DOG a Resolución pola que se convocan as bases reguladoras das axudas do Igape destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e convocar para 2019 as ditas axudas en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Rural Emprende) (procedemento IG501A).

O prazo para presentar as solicitudes será de dous meses, ata o 3 de marzo.

Serán subvencionables os proxectos dirixidos a crear emprego nas zonas rurais mediante axudas á primeira implantación e desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias viables, que deben contribuír á diversificación económica, crecemento de emprego, sustentabilidade do medio rural e equilibrio territorial, tanto en termos económicos como sociais.

Actividades. Con carácter xeral serán subvencionables as seguintes actividades:

- Obradoiros e fábricas destinados á produción de bens e materiais
- Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos non estea incluído no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE).
- Prestación de servizos en calquera sector económico (agricultura, silvicultura, sector industrial e de servizos...).
- Prestación de servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas escola...).
- Actividades de lecer, recreativas e deportivas.
- Artesanía e actividades artesanais.
- Actividades baseadas nas novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), innovación tecnolóxica e comercio electrónico.
- Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial, contabilidade, veterinaria.
- Comercio retalista de produtos non incluídos no anexo I do TFUE.
- No sector da restauración turística, exclusivamente a creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, muíños, patrimonio industrial, pallozas, faros...) e que vaian ofertar unha cociña baseada na gastronomía galega tradicional ou que con ese substrato propongan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo.

